

NORMAS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR (Acordo do Consello de Goberno de 24 de marzo de 2020, 12 de marzo de 2021, 24 de xaneiro de 2023 e 24 de xaneiro de 2024)

O *II Convenio Colectivo para o Persoal Docente e Investigador Laboral das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo* establece no seu artigo 35, que a figura de profesor axudante doutor configúrase como a figura de inicio da carreira académica e, para facer efectivo este principio, establece, nese mesmo artigo, a obriga de creación de prazas de carácter permanente (Contratado Doutor ou Titular de Universidade) por transformación das prazas de profesor axudante doutor no caso de que as persoas que ocupen ditas prazas consigan a correspondente acreditación.

A Universidade de Vigo ven incluíndo a convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor dentro da súa convocatoria anual de prazas, que se configura en base ás necesidades docentes dos diferentes departamentos para o curso seguinte, identificadas durante o proceso de elaboración do Plan de Organización Docente (POD) para dito curso.

Dado o carácter consolidable destas prazas e, polo tanto, a súa repercusión a longo prazo no cadro de persoal, faise necesario dispoñer duns criterios claros, estables e obxectivos para a súa asignación aos departamentos nas súas diferentes áreas e campus, dita asignación debería desligarse, ademais, da elaboración do POD, ao ser este unha ferramenta organizativa anual que non permite unha planificación das necesidades docentes a medio e longo prazo, que son as que deberían definir a contratación de figuras permanentes ou consolidables.

A aprobación da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario establece unha serie de obxectivos prioritarios relacionadas co persoal docente e investigador. En particular, a eliminación da precariedade no emprego universitario e a implantación dunha carreira académica estable e previsible, establecendo tres niveis de progresión fronte aos catro anteriormente vixentes. Así, a carreira académica seguirá as etapas de incorporación, consolidación e promoción. Ademais, redúcese do 40% ao 8% o máximo de contratos de carácter temporal do persoal docente e investigador que poden estar vixentes nas universidades públicas.

No marco destas orientacións, e para favorecer o seu cumprimento, dende a Administración Xeral do Estado e en consonancia coas comunidades Autónomas, vaise favorecer un mecanismo de financiación que facilite acometer este proceso de estabilización do persoal docente e investigador.

Neste contexto, a Universidade de Vigo entende que debe adaptar e flexibilizar o marco normativo que ata o de agora regulaba a saída a concurso de prazas de Profesorado Axudante Doutor para dar resposta as necesidades estruturais ou persistentes das unidades docentes que ten recoñecidas. Para elo é preciso actualizar os límites que se viñan considerando para determinar o se que entende por docencia consolidable. Esta actualización, ademais, está en liña coa finalidade antedita establecida na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.

En base ao antedito, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo aproba a presente normativa, que establece os criterios para a convocatoria de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor.

1. Definicións

Unidade Docente: é a unidade organizativa da docencia nos departamentos, en base á que se identificarán as necesidades de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor. Cada combinación de Área de Coñecemento e campus que teña docencia encargada considerárase unha Unidade Docente, se ben os Departamentos poderán configurar de maneira estable Unidades Docentes máis amplas, mediante a unión de varias das súas Unidades Docentes.

Dedicación docente máxima dun/ha profesor/a permanente a tempo completo: son 240h.

Dedicación docente dun/ha profesor/a: é a redución da “dedicación docente máxima” segundo o número de sexenios e a antigüidade dos mesmos de acordo co establecido na Normativa de dedicación e recoñecementos vixente en cada momento.

Capacidade docente básica dun/ha profesor/a: é a diferenza entre a “dedicación docente” e os recoñecementos académicos, de representación e docentes que lle correspondan na elaboración do POD.

Capacidade docente quinquenal dun/ha profesor/a: é a diferenza entre a “dedicación docente” e o promedio de horas de recoñecementos académicos, de representación e docentes do profesorado permanente nos últimos 5 cursos académicos anteriores á elaboración do POD.

Capacidade docente básica dunha Unidade Docente: é o resultado de sumar as “capacidades docentes quinquenais” do seu profesorado con vinculación permanente, con dereito a reserva de praza e a correspondente ás prazas con dereito a promoción.

Carga docente básica dunha Unidade Docente: é o total da docencia encargada a esa Unidade Docente en titulacións de grao e en titulacións de mestrado que habilitan para profesións, mestrados G2030 e mestrados do ámbito de ciencias da saúde.

2. Criterios e procedemento para a convocatoria de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor con carácter previo á elaboración do POD

Con carácter previo á elaboración do POD para un curso académico, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado fará pública a seguinte información:

- A carga docente básica e a capacidade docente básica de cada unha das súas Unidades Docentes, calculadas a 31 de decembro do ano anterior ao de elaboración do POD correspondente, como parte da información do seu Cadro Teórico de Persoal.
- O número máximo de prazas de Profesorado Axudante Doutor a contratar para o curso seguinte, en base ás súas previsións orzamentarias.

A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado establecerá un prazo para que os departamentos poidan solicitar novas prazas de Profesorado Axudante Doutor naquelas das súas Unidades Docentes nas que a diferenza entre a carga docente básica e a capacidade docente básica sexa igual ou superior a 240 horas. Nestes cálculos non se computará o PDI que se xubile forzosamente antes do comezo do curso para o que se elabore o POD, ou ben nos tres cursos académicos seguintes.

No caso de que o número de solicitudes por parte dos Departamentos supere o número máximo de prazas a contratar para o curso seguinte, as solicitudes atenderanse en base ao curso no que se alcance o déficit de alomenos 240 horas e, dentro de cada un deles, en base á ratio crecente entre capacidade docente básica e carga docente básica, ata chegar a dito máximo.

Despois de ter aplicado o criterio anterior e no caso de que o número de solicitudes por parte dos Departamentos supere o número máximo de prazas a contratar para o curso seguinte, o número máximo de prazas de Profesorado Axudante Doutor por Unidade Docente non poderá ser superior a tres prazas.

En todo caso, estudaranse pola Vicerreitoría as solicitudes que se presenten respecto de Unidades Docentes nas que non cumpríndose os criterios xerais indicados se dean circunstancias especiais que poidan ser consideradas para o computo da docencia consolidable en dita Unidade.

Todo o proceso indicado deberá finalizar antes do comezo da elaboración do POD para o curso correspondente, e as novas prazas de Profesorado Axudante Doutor xeradas no mesmo formarán parte do primeiro concurso de profesorado para dito curso.

3. Criterios e procedemento para a convocatoria de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor por baixas non previstas

Dado que o cálculo do número máximo de prazas de Profesorado Axudante Doutor a contratar para un curso académico faise, entre outros factores, en base a unha previsión do número de baixas definitivas no cadro de persoal permanente no curso anterior, pode darse a circunstancia de que dita previsión sexa superada polas baixas reais. Se se da esta circunstancia, a Universidade de Vigo podería decidir a convocatoria de novas prazas a maiores das indicadas no apartado 2 da presente normativa.

Así, no caso de que á data de finalización do período voluntario de comunicación de xubilacións fixado pola Universidade de Vigo, o número de baixas producidas desde o 1 de xaneiro do ano de elaboración do POD permita a convocatoria de prazas adicionais de Profesorado Axudante Doutor, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado fará público o número máximo de prazas adicionais a contratar para o curso seguinte, e porá en marcha o procedemento definido no apartado anterior para a súa asignación aos Departamentos.

As novas prazas de Profesorado Axudante Doutor xeradas formarán parte do segundo concurso de profesorado correspondente ao curso seguinte.

Disposición final

As contratacións ás que se fai referencia na presente normativa deberán contar, se é o caso, coas correspondentes autorizacións por parte das autoridades estatais ou autonómicas segundo o previsto nas Leis aplicables de Orzamentos Xerais do Estado e de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.